XUNTA DE GALICIA | CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PONTEVEDRA
CEE PONTEVEDRA
Avenida Montecelo, 16 - 36161 Pontevedra
986 804 135 Ext. 41187/8 | 646 391 338
cee.pontevedra@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceepontevedra
Erasmus+

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# PROGRAMA FORMATIVO REPROGRAFÍA

## Curso: 2025-2026

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Esta programación, conforme a orde do 22 de xullo de 1997 e o Decreto 374/96, foi consensuada en Claustro e posteriormente avaliada e aprobada no Consello Escolar do MARTES 28 de outubro de 2025

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA REPROGRAFÍA

## CURSO 2025/2026

## 0. ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN
2. NORMATIVA APLICABLE
3. ADAPTACIÓN DO PROGRAMA AO CONTEXTO SOCIO-LABORAL E CULTURAL DO ENTORNO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO
    3.1. Características do centro e do seu contorno
    3.2. Perfil do alumnado
4. COMPETENCIA XERAL
5. OBXECTIVOS XERAIS da FPB
6. COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS E SOCIAIS DA FPB
7. CUALIFICACIÓNS E UNIDADES DE COMPENTENCIA DO PERFIL PROFESIONAL
8. RESULTADOS APRENDIZAXE E CRITERIOS AVALIACIÓN
    8.1. Traballos de reprografía
    8.2. Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos
    8.3. Formación en Centros de Traballo (FCT)
    8.4. Ciencias Aplicadas I
    8.5. Comunicación e Sociedade I
    8.6. Itinerario persoal para a empregabilidade (FOL)
9. CONTIDOS BÁSICOS
    9.1. Traballos de reprografía
    9.2. Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos
    9.3. Ciencias Aplicadas I
    9.4. Comunicación e Sociedade I
    9.5. Itinerario persoal para a empregabilidade (FOL)
10. ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS
    10.1. Traballos de reprografía
    10.2. Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos
    10.3. Ciencias Aplicadas I
    10.4. Comunicación e Sociedade I
11. UNIDADES DE TRABALLO E TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

11.1. Módulos da área de formación específica
11.2. Módulos da área de formación básica
12. METODOLOXÍA
13. ORGANIZACIÓN E RECURSOS
13.1. Organización
13.2. Recursos
14. AVALIACIÓN
14.1. Principios reitores
14.2. Técnicas e instrumentos de avaliación
14.3. Avaliación final
14.4. Acceso a Formación en Centros de Traballo (FCT)
14.5. Recuperación do alumnado
14.5.1. Avaliación final dos módulos do segundo curso
14.5.2. Avaliación final extraordinaria dos módulos do segundo curso
15. ACCIÓN TITORIAL
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
16.1. Actividades propostas para o PFB de Reprografía
16.2. Obxetivos
16.3. Resultados
17. PROXECTOS
18. CONCLUSIÓNS
19. BIBLIOGRAFÍA

## 1. INTRODUCIÓN

A programación que se presenta a continuación corresponde ás áreas de formación específica y básica da Formación Profesional Básica (FPB) de Reprografía.

Nesta área vaise traballar a realización e elaboración de traballos e encargas de reprografía: fotocopias, encadernacións, publicidade, etc. Tratarase tanto a simple reprodución de orixinais como a realización de novos produtos dende cero, fomentando a creatividade do alumno.

As características individuais do alumnado que se integra no Programa Formativo obriga a facer adaptacións individualizadas nas áreas de aprendizaxe e na metodoloxía de traballo.

Os espazos onde vanse impartir estas ensinanzas serán fundamentalmente a aula taller. Onde teremos tres zonas de traballo: zona de recepción e despacho de traballo, zona de acabamentos e zona de informática.

A programación está organizada de forma modular segundo se expón a continuación:

- 3124. Traballos de reprografía.
- 3125. Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos.
- 3163. Ciencias aplicadas I
- 3161. Comunicación e sociedade I
- 3159. Itinerario persoal para a empregabilidade

Distribución horaria dos módulos para os dous anos de duración do Programa Formativo:

| **Módulos específicos** | **Horas totais** |
|---|---|
| 3124. Traballos de reprografía | 200 |
| 3125. Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos | 260 |
| 3163. Ciencias aplicadas I | 146 |
| 3161. Comunicación e sociedade I | 175 |
| 3159. Itinerario persoal para a empregabilidade* | 30 |

* Só no segundo ano do programa e a partir do segundo trimestre

## 2. NORMATIVA APLICABLE

i. Decreto 114/2010 do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

ii. Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
iii. Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.
iv. Orde ECD/1030/2014 do 11 de xuño, pola que se establecen as condicións de implantación da Formación Profesional Básica e o currículo de catorce ciclos formativos destas ensinanzas no ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
v. Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
vi. Decreto 107/2014 do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
vii. Real Decreto 356/2014, do 16 de maio, polo que se establecen sete títulos de Formación Profesional Básica do catálogo de títulos das ensinanzas de Formación Profesional, entre elas Artes Gráficas.
viii. Resolución do 4 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2020/21.
ix. Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais (CNECP) descrito no Real Decreto 69/2025
x. Lei Orgánica 03/2022, do 31 de marzo de ordenación e integración da Formación Profesional.
xi. Decreto 126/2023, do 20 de xullo, polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
xii. Real Decreto 69/2025, do 4 de febreiro, polo que se desenvolven os elementos integrantes e los instrumentos de xestión do Sistema Nacional de Formación Profesional, e se modifica o Real Decreto 375/1999, do 5 de marzo, polo que se crea o Instituto Nacional das Calificacións.
xiii. Real Decreto 278/2023, do 11 de abril, polo que se establece o calendario de implantación do Sistema de Formación Profesional establecido pola Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.

xiv. Real Decreto 498/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grado básico e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.

xv. Real Decreto 658/2024, do 9 de xullo, polo que se modifican o Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, e o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolven a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

xvi. RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26.

## 3. ADAPTACIÓN DO PROGRAMA AO CONTEXTO SOCIO-LABORAL E CULTURAL DO ENTORNO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

### 3.1. Características do centro e do seu contorno

A FPB para alumnado con necesidades educativas especiais que se imparte neste centro corresponde ao perfil profesional de *Reprografía*, tendo en conta que o entorno onde está emprazado o centro ten unha importante demanda desta profesión, exercendo tanto en pequenas copisterías como nas múltiples empresas de gran produción do sector das Artes Gráficas.

Trátase dun colexio de educación especial onde se imparten estudos de Primaria, Transito á Vida Adulta e tres programas de FPB.

O edificio posúe os requisitos necesarios para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe de xeito adecuado.

O centro está tamén dotado das diferentes aulas para os distintos ciclos de FPB, sala de ordenadores, sala de audiovisuais, patio, baños independentes para profesores/as e alumnado, etc.

Dado que este curso escolar é o noveno ano que se leva a cabo este programa formativo, o centro dispón de ferramentas, maquinaria e o material necesario para impartir as clases..

### 3.2. Perfil do alumnado

Os niveis curriculares do alumnado asistente son de diferente índole, aínda que en xeral bastante baixos, polo que se adecuarán as distintas unidades de traballo ás características do

alumnado, partindo dunha programación referencial, e facendo as adaptacións curriculares que sexan precisas.

O alumnado pode ter de quince a vinteún anos. A clase para a cal se deseña esta programación está formada por un total de 8 alumnos/as como máximo.

Por outra banda, hai que ter presente que as saídas profesionais deste programa pasan, sobre todo, por ocupacións como:

- axudante/a de máquinas e equipamentos de produción gráfica
- peón da industria gráfica
- operario/a de reprografía
- operario/a de acabamentos de reprografía
- auxiliar técnico/a de máquinas e equipamentos de produción gráfica
- auxiliar de taller en industrias gráficas
- dependente de copistería

## 4. COMPETENCIA XERAL

A competencia xeral do título profesional básico en Artes Gráficas consiste en: realizar traballos de reprografía e operacións básicas de apoio á produción, a manipulación e a finalización de produtos gráficos, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas ambientais e de seguridade e hixiene no traballo vixentes. E comunicándose oralmente e por escrito en lingua galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

## 5. OBXECTIVOS XERAIS DA FPB

Tendo en conta tanto as características psicolóxicas, intelectuais, sociolóxicas e a idade do alumnado así como o contexto onde se desenvolve o programa, os obxectivos que se intentan acadar son:

1. Interpretar e utilizar protocolos para a recepción de traballos e para a expedición de produtos, cubrindo ordes de traballo, para tramitar encargas de reprografía.
2. Analizar e utilizar as principais aplicacións informáticas utilizadas nas artes gráficas, empregando as súas utilidades básicas, para comprobar e adaptar orixinais.
3. Identificar as principais fases do proceso de comunicación telemática, garda, custodia e recuperación da información, empregando equipamentos informáticos e medios convencionais, para a transmisión, o almacenamento e o arquivo de documentos.

4. Calcular as cantidades de materiais, man de obra e outros recursos necesarios para a elaboración dos traballos encomendados, seleccionando a información salientable de acordo cos procedementos establecidos, para a realización de orzamentos e facturas.
5. Interpretar documentos técnicos relacionados cos traballos de artes gráficas, identificando as súas especificacións técnicas, para acondicionar a área de traballo.
6. Identificar as principais fases dos procesos de produción en artes gráficas, determinando a secuencia de operacións auxiliares, para preparar equipos de reprografía e de produción de artes gráficas.
7. Describir e utilizar os principais procedementos para a obtención de produtos gráficos, controlando e mantendo operativos os equipamentos, para realizar os traballos de reprodución na industria gráfica.
8. Utilizar procedementos básicos de corte, encartadura, perforación e encadernación de materiais gráficos, preparando e controlando os equipamentos dispoñibles para realizar os traballos de acabamento, manipulación e/ou finalización de produtos gráficos.
9. Interpretar protocolos e instrucións de manexo e expedición de produtos gráficos, aplicando os procedementos establecidos para o seu almacenamento, a súa distribución e o seu transporte.
10. Interpretar e utilizar protocolos e instrucións para a aceptación de materiais e produtos gráficos, aplicando técnicas de mostraxe predefinidas, para controlar a súa calidade.
11. Comprender os fenómenos que acontecen no contorno natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
12. Desenvolver habilidades para formular, interpretar e resolver problemas, e aplicar o razoamento de cálculo matemático para se desenvolver na sociedade e no ámbito laboral, e xestionar os seus recursos económicos.
13. Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e pólos en relación coa saúde individual e colectiva, e valorar a hixiene e a saúde para permitir o desenvolvemento e o afianzamento de hábitos saudables de vida, en función do contorno.
14. Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e a sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural, para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental.
15. Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información no

contorno persoal, social ou profesional.

16. Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas de análise básica dos seus elementos, para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.
17. Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas e alcanzar o nivel de precisión, claridade e fluidez requiridas, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá, para se comunicar no seu ámbito social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
18. Desenvolver habilidades lingüísticas básicas en lingua estranxeira para se comunicar oralmente e por escrito en situacións habituais e predicibles da vida cotiá e profesional.
19. Recoñecer causas e trazos propios de fenómenos e acontecementos contemporáneos, a súa evolución histórica e a súa distribución xeográfica, para explicar as características propias das sociedades contemporáneas.
20. Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, e aplicalos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos.
21. Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, para se adaptar ás novas situacións laborais e persoais.
22. Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo/a, a participación e o espírito crítico, para resolver situacións e incidencias das actividades profesional e persoal.
23. Desenvolver traballos en equipo asumindo os deberes, cooperando coas demais persoas con tolerancia e respecto, para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
24. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para se informar, se comunicar, aprender e facilitar as tarefas laborais.
25. Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral, co propósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ambientais e ás demais persoas.
26. Desenvolver as técnicas da súa actividade profesional asegurando a eficacia e a calidade no seu traballo, e propor, se procede, melloras nas actividades de traballo.
27. Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

28. Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.
29. Rexeitar calquera discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.

## 6. COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS E SOCIAIS DA FPB

As competencias profesionais, persoais, sociais e as competencias para a aprendizaxe permanente que se seleccionaron para a obtención das unidades de competencia pertencentes á cualificación profesional de **Reprografía, ARG410_1** son as que se relacionan a continuación segundo o Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais (CNECP) descrito no Real Decreto 69/2025:

- ECP1322_1 Recepcionar e despachar encargos de reprografía
- ECP1323_1 Preparar os materiais e equipos e realizar a reprodución
- ECP1324_1 Realizar as operacións de acabado en reprografía
- ECP1666_1 Desenvolver actividades auxiliares en máquinas e equipos de produción en industrias gráficas
- ECP1668_1 Desenvolver actividades de empaquetado, apilado e paletizado en industrias gráficas
- ECP1667_1 Desenvolver actividades auxiliares con equipos informáticos e periféricos para a produción nas industrias gráficas
- ECP2138_1 Desenvolver operacións auxiliares de manipulados na finalización de produtos gráficos
- ECP2139_1 Desenvolver operacións auxiliares de manipulados en industrias gráficas mediante máquinas

## 7. CUALIFICACIÓNS E UNIDADES DE COMPENTENCIA DO PERFIL PROFESIONAL

**Reprografía, ARG410_1** (Real decreto 1179/2008, do 11 de xullo), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC1322_1: recibir e despachar encargas de reprografía.
- UC1323_1: preparar os materiais e os equipamentos, e realizar a reprodución.
- UC1324_1: realizar as operacións de acabamento en reprografía.

## 8. RESULTADOS APRENDIZAXE E CRITERIOS AVALIACIÓN

8.1. Módulo Profesional: Traballos de reprografía. Código: 3124. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- MP3124_12 / UF 1: Recepción de traballos de reprografía e preparación de dispositivos e materiais.
- MP3124_22 / UF 2: Realización e despacho de traballos de reprografía, e mantemento de equipamentos.

UF 1: RECEPCIÓN DE TRABALLOS DE REPROGRAFÍA E PREPARACIÓN DE DISPOSITIVOS E MATERIAIS. Código: MP3124_12

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA1. Atende e asesora posible clientela, recibindo encargas tipo de reprografía, cubrindo ordes de traballo e xestionando a documentación relacionada de acordo cos procedementos establecidos. | CA1.1. Identificáronse os pasos no protocolo de relación coa clientela establecido por unha empresa tipo, e recoñecéronse as técnicas de comunicación habituais.<br>CA1.2. Recoñecéronse os orixinais máis comúns que se reproducen nas empresas de reprografía.<br>CA1.3. Identificáronse os principais conceptos que aparecen nos documentos e nas tarifas que se utilizan en empresas de reprografía.<br>CA1.4. Relacionáronse os documentos de entrega, cobramento, expedición, orde de traballo, etc. coa súa estrutura, co seu sistema de formalización (manual ou informático) e coa súa función.<br>CA1.5. Identificáronse os artigos relacionados coa reprodución de documentos na lei de propiedade intelectual vixente.<br>CA1.6. Relacionáronse os factores que interveñen na valoración das encargas máis comúns de reprografía co proceso de reprodución e cos materiais necesarios.<br>CA1.7. Identificouse a documentación característica do proceso de pedido e despacho dos produtos nas empresas de reprografía.<br>CA1.8. Cubríronse os documentos máis comúns utilizados no proceso de encarga de traballos de reprografía.<br>CA1.9. Valoráronse os recursos necesarios para acometer os traballos de reprografía máis habituais, elaborando sinxelos orzamentos elementais segundo instrucións.<br>CA1.10. Valoráronse os traballos tendo en conta a posibilidade legal de reprodución, as características do traballo (copia, fotocopia, impresión ou plotteado), do soporte (papel, acetato, etc.) e do acabamento que se vaia realizar (formatado, encadernado ou encartado).<br>CA1.11. Realizáronse orzamentos tarifados tendo en conta os custos dos materiais e das operacións que interveñen no proceso, |

| | |
|---|---|
| | aplicando tarifas de prezos subministradas. |
| RA2. Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados de traballos de reprografía | CA2.1. Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias nos traballos de reprografía.<br>CA2.2. Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nos traballos de reprografía.<br>CA2.3. Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada cos traballos de reprografía. |
| RA3. Comproba orixinais para realizar a reprodución, con valoración da súa viabilidade técnica, de acordo cos criterios de calidade establecidos. | CA3.1. Relacionáronse os parámetros de calidade contidos nas ordes de traballo coa reprodución dos orixinais.<br>CA3.2. Identificáronse os materiais (orixinais, tipos de soporte, formatos, elementos visuais, etc.) polas súas características e a súa funcionalidade, en relación cos equipamentos máis axeitados para a súa reprodución.<br>CA3.3. Identificáronse os sistemas de alimentación, paso e saída dos equipamentos, pola súa función, o seu formato e as súas posibles aplicacións (informáticas, de reprodución, de impresión e de acabamento).<br>CA3.4. Relacionáronse os produtos que cumpra obter co soporte e co equipamento de reprodución dispoñibles.<br>CA3.5. Elixíronse os soportes axeitados (en función do tamaño, a gramaxe, a textura e a cor) e os equipamentos óptimos para a reprodución do orixinal.<br>CA3.6. Adaptáronse os orixinais e os ficheiros dixitais ao medio de reprodución. |
| RA4. Realiza operacións de control de almacén en reprografía, aplicando criterios establecidos para a recepción de soportes e consumibles, e utilizando procedementos normalizados para a súa clasificación e o seu almacenamento. | CA4.1. Interpretáronse instrucións técnicas para o aprovisionamento de materiais e o control do almacenamento nunha empresa tipo de reprografía.<br>CA4.2. Relacionáronse os factores que interveñen no mantemento das existencias mínimas para asegurar a dispoñibilidade de materiais nos procesos de reprografía.<br>CA4.3. Describíronse os sistemas de mantemento de existencias mínimas de materiais e consumibles característicos das empresas de reprografía, e xustificáronse as súas vantaxes e os seus inconvenientes.<br>CA4.4. Identificáronse os criterios de calidade para a aceptación ou o rexeitamento dos soportes e consumibles comúns en traballos de reprografía.<br>CA4.5. Relacionáronse os materiais e os consumibles empregados en reprografía co xeito e coas condicións de almacenamento que requiren.<br>CA4.6. Relacionáronse as entidades provedoras cos produtos e os servizos que subministran.<br>CA4.7. Describíronse as características dos medios e dos equipamentos de carga e transporte dos materiais e dos consumibles máis comúns utilizados en reprografía, en relación |

| | |
|---|---|
| | coas súas aplicacións.<br>CA4.8. Clasificáronse os materiais máis comunmente utilizados en reprografía (soportes de reprodución e consumibles de reprodución e de acabamento ou encadernación), segundo a súa natureza e o xeito de aplicación.<br>CA4.9. Adoptáronse as normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de traslado e almacenamento de materiais e consumibles. |
| RA5. Dispón os recursos necesarios para realizar a reprodución de orixinais, seleccionándoos de acordo coas instrucións recibidas. | CA5.1. Interpretouse a información das consolas dos equipamentos de reprografía e do software de impresión e gravación, en relación coas necesidades de reprodución dos orixinais.<br>CA5.2. Relacionouse a iconografía característica das consolas dos equipamentos de reprografía e do software de impresión co seu significado nos traballos de reprografía.<br>CA5.3. Identificouse a iconografía dos parámetros modificables nos equipamentos coas funcións asociadas e a súa influencia na reprodución.<br>CA5.4. Seleccionáronse os parámetros axeitados na consola do equipamento segundo as necesidades da reprodución presentadas.<br>CA5.5. Seleccionáronse os parámetros axeitados no software de impresión segundo as necesidades da reprodución presentadas. |

UF 2: REALIZACIÓN E DESPACHO DE TRABALLOS DE REPROGRAFÍA, E MANTEMENTO DE EQUIPAMENTOS. Código: MP3124_22.

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA1. Reproduce orixinais ou mostras autorizadas axustando os parámetros dos equipamentos de reprografía de acordo coas ordes de traballos | CA1.1. Relacionáronse as máquinas de reprodución utilizadas en reprografía co tipo de orixinais que reproducen, o sistema de reprodución e as operacións auxiliares que poidan realizar.<br>CA1.2. Realizáronse operacións de carga ou substitución dos consumibles utilizados nos equipamentos de reprografía, cumprindo as normas de seguridade, saúde e protección ambiental.<br>CA1.3. Realizáronse as probas necesarias para garantir a calidade requirida na orde de traballo e nas normas establecidas.<br>CA1.4. Reaxustáronse os parámetros en función dos resultados obtidos.<br>CA1.5. Diferenciáronse as necesidades de control do proceso segundo o tipo de reprodución (b/n, cor, liña e trama), o formato de impresión, o volume da tiraxe e o tipo de soporte.<br>CA1.6. Axustáronse os parámetros de reprodución (tamaño, gramaxe, acabamento, b/n, cor, liña, trama, etc.), en función das ordes de traballo e partindo de orixinais en soporte papel e/ou dixital.<br>CA1.7. Realizáronse as operacións de posta a punto do aparello de |

| | |
|---|---|
| | alimentación e saída da máquina de reprografía, asegurando a continuidade durante a tiraxe e determinando a velocidade axeitada ao soporte e ao orixinal que se vaia reproducir.<br>CA1.8. Comprobouse a integridade, a seguridade e o formato dos ficheiros dixitais, verificando que o tamaño dos ficheiros permita a gravación no soporte dixital establecido.<br>CA1.9. Preparáronse os soportes para gravar e o software necesario segundo as instrucións recibidas, e verificouse o seu correcto funcionamento.<br>CA1.10. Realizáronse as copias necesarias identificando os soportes gravados segundo as instrucións recibidas.<br>CA1.11. Adoptáronse as normas de seguridade, saúde e protección ambiental relativas ás operacións de reprografía. |
| RA2. Despacha encargas tipo de traballos de reprografía, realizando as operacións de cobramento, empaquetaxe e embalaxe de acordo cos procedementos establecidos. | CA2.1. Utilizáronse terminais de venda ou equipamentos informáticos para a xestión dos documentos de cobramento, aplicando os procedementos de control e arquivo de documentos establecidos.<br>CA2.2. Realizáronse sinxelas operacións de control de calidade sobre o traballo elaborado.<br>CA2.3. Valoráronse os traballos realizados seguindo os procedementos establecidos en normas e orzamentos.<br>CA2.4. Utilizáronse os materiais e os utensilios de acordo coas características do produto e coa forma de entrega.<br>CA2.5. Identificáronse os medios e os equipamentos para os cobramentos máis comúns (caixa rexistradora, TPV, etc.) e describíronse as súas caracterís- ticas e a súa operativa.<br>CA2.6. Simuláronse operacións de cobramento en metálico utilizando caixas rexistradoras, asegurando a entrega ao/á cliente/a do tícket ou recibo que acredite o pagamento.<br>CA2.7. Simuláronse operacións de cobramento con tarxetas de crédito utilizando os TPV, asegurando a entrega ao/á cliente/a do tícket ou recibo que acredite o pagamento.<br>CA2.8. Cubríronse os documentos mercantís necesarios para a xestión do cobramento (albarás, facturas, notas de entrega, etc.).<br>CA2.9. Cubríronse os documentos de expedición de mercadorías para o envío por mensaxería, axencias de transporte, correo postal e repartición propias, asegurando que os datos contidos permitan a identificación dos paquetes e a súa entrega no destino. |
| RA3. Realiza o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos propios de reprografía, aplicando os procedementos establecidos no manual técnico ou nos plans de mantemento | CA3.1. Identificáronse as operacións de mantemento e as partes dos equipamentos que haxa que manter, a partir dos manuais técnicos dos equipamentos.<br>CA3.2. Realizáronse as operacións de limpeza e mantemento en equipamentos de reprografía determinadas por fábrica, de acordo cos manuais de uso subministrados.<br>CA3.3. Realizouse a limpeza dos elementos ópticos e das consolas de manobra.<br>CA3.4. Realizouse a limpeza dos elementos mecánicos eliminando os residuos das zonas indicadas nos manuais correspondentes. |

| | |
|---|---|
| correspondente. | CA3.5. Adoptáronse as normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de mantemento de equipamentos de reprografía.<br>CA3.6. Clasificáronse e retiráronse os residuos xerados (papel, plástico, cartuchos de tóner, envases de tintas, metais, vidros, etc.), nos lugares establecidos para tal efecto.<br>CA3.7. Utilizáronse os equipamentos de protección individual relacionados coa limpeza e o mantemento dos equipamentos de reprografía. |

8.2. Módulo Profesional: Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos.

Código: 3125. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- MP3125_12 / UF 1: Preparación e acondicionamento para os acabamentos.
- MP3125_22 / UF 2: Acabamento, manipulación e encadernación de produtos gráficos.

UF 1: PREPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO PARA OS ACABAMENTOS. Código: MP3125_12.

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA1. Identifica os principais procesos de manipulacións básicas que se aplican a materiais e produtos gráficos, interpretando ordes de produción e secuenciando as operacións básicas necesarias para realizar os traballos en condicións de produtividade, calidade e seguridade. | CA1.1. Describíronse os produtos gráficos máis comúns que requiran operacións básicas de manipulación (cartafoles, bloques, talonarios, folletos, sobres, bolsas, etc.), identificando e secuenciando as principais operación de manipulación.<br>CA1.2. Interpretouse a información salientable para o traballo contida en ordes de produción tipo (parámetros, signos, marcas, esbozos, mostras ou maquetas), interpretando o vocabulario utilizado.<br>CA1.3. Describíronse os procesos básicos de manipulacións (formatar, igualar, alzar, encartar, embuchar, grampar, encolar, envarar, etc), en relación cos produtos gráficos que se poden elaborar.<br>CA1.4. Comprobouse que a información recibida inclúa os datos necesarios (cotas de corte e signos de encartadura, fendedura, furada e perforación), completáronse ou solicitáronse os datos que falten e realizouse, de ser o caso, un esbozo coas indicacións relativas ao tipo de manipulación necesaria, ao tamaño, ás marcas ou liñas de corte, á encartadura e á fendedura.<br>CA1.5. Describíronse as características dos materiais susceptibles de manipulación pola súa natureza (celulósicos, non celulósicos, plásticos, lonas, etc.) e polas súas características físicas (gramaxe, espesor, flexibilidade, rixidez, dureza, estabilidade dimensional, dirección de fibras, etc).<br>CA1.6. Identificáronse os materiais ligantes ou de unión máis comunmente utilizados en procesos sinxelos de manipulación |

| | |
|---|---|
| | (adhesivos, colas, grampas, aros e ferrollos), en relación cos utensilios requiridos para a súa aplicación (pranchas térmicas, roletes, brochas, grampadoras, remachadoras, etc).<br>CA1.7. Relacionáronse os materiais coas súas principais aplicacións (trípticos, portadas, etiquetas, interiores e tapas de libros, cadernos, bloques, *displays* e pancartas).<br>CA1.8. Relacionáronse os produtos gráficos que requiran manipulacións sinxelas co material axeitado para a súa realización e coas ferramentas, os utensilios e os produtos auxiliares necesarios (remaches, ollais, imáns, botóns de presión, cantoneiras, etc).<br>CA1.9. Describíronse as diferenzas operativas no pegado entre materiais, identificando as operacións, os equipamentos e os utensilios necesarios para a aplicación de colas e adhesivos de diferente natureza (orgánicas, acrílicas, solventes, sólidas, térmicas, etc). |
| RA2. Acondiciona a área de traballo para a realización de manipulacións básicas de produtos gráficos, dispondo os materiais, as máquinas auxiliares e os utensilios para posibilitar a execución das operacións en condicións de produtividade, calidade e seguridade. | CA2.1. Describíronse os elementos, as ferramentas e os espazos necesarios para realizar as operacións básicas de manipulacións na finalización de produtos gráficos.<br>CA2.2. Identificáronse as actividades necesarias para o desenvolvemento das operacións básicas de manipulación na finalización de produtos gráficos de acordo cos obxectivos marcados.<br>CA2.3. Optimizouse a disposición dos utensilios e dos materiais necesarios para as operacións básicas de manipulacións na finalización de produtos gráficos.<br>CA2.4. Dispúxose a zona de traballo de xeito que sexa posible a adopción de posicións ergonómicas que limiten a fatiga e eviten os riscos de lesións nas operacións básicas de manipulación na finalización de produtos gráficos.<br>CA2.5. Dispuxéronse as medidas de seguridade relacionadas coa utilización de máquinas e utensilios para a manipulación de produtos gráficos. |
| RA3. Dispón os recursos necesarios para a realización de encadernacións funcionais e outros acabamentos propios de reprografía, seleccionando materiais e equipamentos de acordo coas especificacións técnicas establecidas. | CA3.1. Identificáronse as especificacións de acabamento dos produtos de reprografía indicadas na orde de traballo.<br>CA3.2. Identificáronse as máquinas, as ferramentas e os utensilios máis comunmente utilizados nas operacións de encadernación funcional de reprografía, pola súa estrutura e funcionalidade.<br>CA3.3. Identificáronse as máquinas, as ferramentas e os utensilios máis comunmente utilizados nas operacións de acabamento propias de reprografía, pola súa estrutura e funcionalidade.<br>CA3.4. Identificáronse os materiais máis comúns empregados para tapas, especificando a súa función e a súa utilidade.<br>CA3.5. Identificáronse os elementos físicos de pechamento e enlombamento (encadernadores, parafusos, aros, etc.), en relación coas súas formas, os seus tipos e as súas calidades.<br>CA3.6. Describíronse os materiais máis comunmente empregados no acabamento e na manipulación de produtos de reprografía (papel, cartón, plástico, grampas, pechamentos, lombos, etc.). |

| | |
|---|---|
| | CA3.7. Describíronse os manexadores máis característicos dos equipamentos de encadernación funcional e acabamentos propios de reprografía.<br>CA3.8. Relacionouse o produto que se pretenda obter cos materiais e co tipo de acabamento que se vaia empregar.<br>CA3.9. Seleccionáronse os materiais axeitados atendendo ao seu tamaño, á gramaxe, á textura, á cor, etc., así como os equipamentos apropiados para o acabamento do produto. |

UF 2: ACABAMENTO, MANIPULACIÓN E ENCADERNACIÓN DE PRODUTOS GRÁFICOS

Código: MP3125_22.

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA1. Obtén produtos acabados propios de reprografía e, de ser o caso, dispón materiais reprográficos para a seguinte fase do proceso, realizando operacións de corte, encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura, autoplastificación, etc., utilizando equipamentos específicos de pequeño formato, en condicións de seguridade. | CA1.1. Describíronse os tipos de acabamento máis comunmente utilizados en reprografía.<br>CA1.2. Relacionáronse os tipos de acabamento (encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura, autoplastificación, etc.) coas máquinas e cos utensilios necesarios para a súa realización.<br>CA1.3. Optimizouse o número de cortes mediante a súa planificación.<br>CA1.4. Axustáronse os elementos de guillotinas e/ou cisallas de pequeno formato, comprobando o funcionamento dos sistemas de seguridade.<br>CA1.5. Realizáronse operacións de desmontaxe e montaxe dos elementos variables que actúan sobre o soporte que se vaia tratar nas máquinas de acabamento dadas (peites de fendedura, furada, etc).<br>CA1.6. Realizáronse operacións de encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura, autoplastificación, etc., asegurándose de que os resultados se correspondan coas instrucións establecidas.<br>CA1.7. Realizáronse acabamentos mediante utilización de máquinas usuais en reprografía (alzadoras, fendedoras, laminadoras, encartadoras de planos, etc.).<br>CA1.8. Aplicáronse as medidas de seguridade relacionadas coa utilización de equipamentos de pequeno formato para corte,encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura ou autoplastificación de produtos gráficos. |
| RA2. Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados do | CA2.1. Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o acabamento, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos.<br>CA2.2. Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no |

| | |
|---|---|
| acabamento, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos | éxito no acabamento, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos.<br>CA2.3. Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada co acabamento, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos. |
| RA3. Realiza encadernacións mecánicas ou funcionais utilizando sistemas e equipamentos específicos, ordenando e dispondo os materiais de reprografía de acordo coas instrucións establecidas. | CA3.1. Describíronse os tipos de encadernación mecánica ou funcional máis comunmente utilizados en reprografía.<br>CA3.2. Relacionáronse os tipos de encadernación máis comúns de materiais reprográficos (de aros, con parafusos, con presillas, de espiral, espiral, wire-o e con lombo) cos utensilios e as máquinas necesarias para a súa realización.<br>CA3.3. Seleccionouse o tipo de encadernación máis apropiado para cada caso (canoto, espiral, wire-o, aros, *faster*, cosedura con arame ou grampaxe, térmica, etc).<br>CA3.4. Dispuxéronse os materiais e os equipamentos para cada tipo de encadernación segundo as instrucións recibidas.<br>CA3.5. Comprobouse que a calidade do produto terminado se corresponda coas especificacións técnicas recibidas.<br>CA3.6. Comprobouse a existencia e o correcto funcionamento das medidas de seguridade propias das máquinas (botóns de parada, carcasas, inmobilizadores, células fotoeléctricas, etc).<br>CA3.7. Utilizouse maquinaria convencional para a encadernación de materiais reprográficos (alzadoras, grampadoras, tradeadoras, etc).<br>CA3.8. Adoptáronse as medidas de seguridade relacionadas coas operacións de encadernación mecánicas ou funcionais. |
| RA4. Realiza operacións básicas de finalización, manipulación e transformación de produtos gráficos, aplicando procedementos manuais en condicións de calidade, seguridade, saúde e protección ambiental. | CA4.1. Identificáronse as ferramentas e os utensilios utilizados en procesos manuais e simples de manipulación, transformación e encadernación, e clasificáronse segundo a súa función.<br>CA4.2. Describíronse as operacións que se realizan nos procesos básicos e manuais de encadernación, manipulación e transformación de materiais gráficos (igualación, contaxe, alzado, embuchadura, encartadura, fresaxe, encolado, armaxe, marcaxe, numeración, montaxe de conxuntos e subconxuntos, ensamblaxe, forrado, etc.), en relación coas ferramentas e cos utensilios axeitados.<br>CA4.3. Verificouse que o tamaño, o tipo e a cantidade dos materiais recibidos se correspondan coas indicacións da orde de traballo.<br>CA4.4. Realizouse a encartadura manual segundo as indicacións recibidas referentes ao tipo de operación, número de dobras, medidas, tamaño de papel, etc., utilizando a encartadora de man ou outros utensilios apropiados, e valorando a necesidade de fendedura previa en función da gramaxe e do sentido da fibra.<br>CA4.5. Realizouse a fresaxe manual dos lombos de bloques segundo as indicacións recibidas en cada caso (número de follas do bloque, tipo de papel ou cartolina, etc), utilizando o serrón, a lima ou outros elementos axeitados.<br>CA4.6. Realizouse o encolado do lombo dos bloques de papel preparados, segundo as indicacións recibidas. |

| | |
|---|---|
| | CA4.7. Refiláronse os cantos de produto gráfico (bloques de follas, láminas, lonas e cartóns), utilizando coitelas de corte, regras de trazado, enxeños e/ou cisallas).<br>CA4.8. Perforáronse manualmente follas de papel, cartón ou outros materiais, utilizando sacabocados ou brocas ocas, do diámetro establecido e na posición indicada.<br>CA4.9. Contracoláronse materiais de distinta natureza aplicando películas uniformes do adhesivo, exercendo a presión mediante espátulas, panos e roletes, de acordo coas indicacións establecidas.<br>CA4.10. Realizáronse operacións de marcaxe, estampación ou numeración manual de produtos gráficos, asegurando a correcta colocación, lexibilidade e calidade previstas, de acordo coas indicacións establecidas.<br>CA4.11. Montáronse conxuntos de varios elementos, asegurando a integridade e o número de pezas que o compoñen, de acordo coas instrucións recibidas.<br>CA4.12. Ensambláronse e, de ser o caso, forráronse caixas, cartafoles ou outros produtos de cartón compacto, colocando e fixando os seus compoñentes de xeito que se garanta a integridade e a estabilidade do produto montado, de acordo coa mostra autorizada.<br>CA4.13. Adoptáronse as medidas de seguridade relacionadas coas operacións de finalización, manipulación e transformación de produtos gráficos mediante procedementos manuais. |

8.3. Formación en Centros de Traballo (FCT)

Segundo recolle a Lei Orgánica 03/2022 de ordenación e integración da Formación Profesional, ás prácticas en empresa denominadas FCT, xa non constitúen un módulo profesional senón que pasan a ser integradas nos módulos técnicos específicos da titulación.

A continuación móstranse os subcriterios de avaliación e os subresultados da aprendizaxe obtidos a partir dos módulos de reprografía e acabamentos, os cales se recollen no RD 356/2014.

- Módulos asociados:
  - 3124: Traballos de reprografía
  - 3125: Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos
- Duración: 160 horas.
- Ámbito profesional: empresas de reprografía, impresión dixital, copisterías, talleres de artes gráficas ou imprentas de pequeno formato.
- Instrumentos de avaliación:
  - Rúbrica de observación directa (titor de empresa / docente FCT).

- Lista de verificación de tareas (*checklist*).
- Diario de prácticas (rexistro semanal do alumno/a).
- Informe do titor de empresa (valoración cualitativa).

| MÓDULO 3124: TRABALLOS DE REPROGRAFÍA | | | |
|---|---|---|---|
| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | SUBRESULTADOS DE APRENDIZAXE | SUBCRITERIOS DE AVALIACIÓN | ACTIVIDADES NA EMPRESA |
| RA1. Atende e asesora posible clientela | RA-R1.1 Recepción e asesoramento do cliente. | Atende ó cliente con cortesía, identifica o tipo de encargo | Atención ó cliente, recepción de pedidos. |
| RA2. Comproba orixinais | RA-R2.1 Análises técnico de orixinais | Detecta erros e avisa ó cliente ou superior. | Revisión de arquivos PDF ou documentos impresos |
| RA3. Control de almacén | RA-R3.1 Control de soportes e consumibles | Rexistra entrada/saída de materiais e aplica normas de almacenamento | Xestión de inventario, revisión de stock |
| RA4. Disposición de recursos | RA-R4.1 Preparación de equipos e soportes | Selecciona materiais adecuados e prepara equipos segundo as ordes | Carga de papel, comprobar tóner, cambiar tintas |
| RA5. Reproduce orixinais | RA-R5.1 Configuración de axustes básicos | Axusta tamaño, formato e resolución. Realiza probas | Impresión de traballos previos á tirada |
| RA6. Despacho e cobro. | RA-R6.1 Entrega e documentación | Empaqueta traballos e xera documentos de entrega | Preparación de pedidos e albaráns |
| RA7. Mantemento básico | RA-R7.1 Limpeza e mantemento. | Realiza limpeza de equipos e xestiona residuos segundo normativa | Limpeza de impresoras, sustitución de consumibles |

| MÓDULO 3124: TRABALLOS DE REPROGRAFÍA | | | |
|---|---|---|---|
| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | SUBRESULTADOS DE APRENDIZAXE | SUBCRITERIOS DE AVALIACIÓN | ACTIVIDADES NA EMPRESA |
| RA1. Identifica procesos de manipulado e acabamentos | RA-A1.1 Interpretación de ordes de acabamento | Identifica operacións de corte, pregado, fendido ou encadernado. | Lectura de ordes de traballo de acabamentos |
| RA2. Dispón recursos necesarios | RA-A2.1 Preparación do posto e materiais | Organiza o posto e aplica normas de seguridade | Preparar máquinas de corte, pregado o encadernación |
| RA3. Obtén | RA-A3.1 Execución de | Realiza cortes, pregados, | Corte, pregado ou |

| | | | |
|---|---|---|---|
| produtos acabados | operacións de acabamentos | encadernados con precisión | encadernación de folletos |
| RA4. Control de calidade do produto acabado | RA-A4.1 Verificación do acabamento | Comproba medidas, aliñación e aspecto xeral | Comparación de produto final coa orden |
| RA5. Mantemento básico | RA-A5.1 Limpeza e orde | Limpa equipos, clasifica residuos e deixa o posto operativo | Limpeza final tras operacións de acabamento |

8.4. Módulo Profesional: Ciencias aplicadas I. Código: 3163. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

BC1. DESTREZAS CIENTÍFICAS BÁSICAS

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA1. Caracteriza as fases do método científico, valorando a importancia da investigación e o traballo colaborativo para os avances sociais. | CA1.1. Expuxéronse preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento, explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.<br>CA1.2. Deseñáronse e realizáronse experimentos e obtivéronse datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, as ferramentas ou as técnicas adecuadas con corrección, para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.<br>CA1.3. Interpretáronse os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.<br>CA1.4. Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado.<br>CA1.5. Empregáronse e citáronse de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e na creación de contidos, e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.<br>CA1.6. Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.<br>CA1.7. Emprendéronse, de xeito guiado e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.<br>CA1.8. Valorouse a contribución da ciencia á sociedade e o labor dos homes e as mulleres que se dedican ao seu desenvolvemento, entendendo a investigación como un labor colectivo en constante |

| | |
|---|---|
| | evolución, froito da interacción entre a ciencia, a tecnoloxía, a sociedade e o ambiente. |

BC2. SENTIDO NUMÉRICO

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA2. Resolve problemas en contextos cotiáns interpretando, organizando e analizando a información numérica relevante. | CA2.1. Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.<br>CA2.2. Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas.<br>CA2.3. Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto dado.<br>CA2.4. Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións.<br>CA2.5. Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado.<br>CA2.6. Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica. |

BC3. SENTIDO DA MEDIDA

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA3. Realiza medidas e estimacións en figuras planas, usando as ferramentas necesarias e adaptando a estratexia e o grao de precisión ao contexto. | CA3.1. Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas.<br>CA3.2. Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica.<br>CA3.3. Aplicáronse procedementos propios das ciencias e as matemáticas en situacións diversas, establecendo conexións entre áreas de coñecemento en contextos naturais, sociais e profesionais. |

BC4. SENTIDO ESPACIAL

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA4. Identifica e constrúe con ferramentas dixitais | CA4.1. Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas |

| | |
|---|---|
| figuras de dúas e tres dimensións, e coñece as súas características principais. | formuladas.<br>CA4.2. Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións.<br>CA4.3. Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado.. |

BC5. SENTIDO ALXÉBRICO

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA5. Usa a linguaxe alxébrica e as relacións lineais para resolver problemas sinxelos, comprobando a corrección e a coherencia das solucións atopadas. | CA5.1. Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.<br>CA5.2. Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas.<br>CA5.3. Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado.<br>CA5.4. Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións.<br>CA5.5. Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado.<br>CA5.6. Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica. |

BC6. SENTIDO ESTOCÁSTICO

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA6. Organiza e analiza información estatística usando ferramentas tecnolóxicas, e comunica os resultados de xeito claro e rigoroso. | CA6.1. Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.<br>CA6.2. Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións.<br>CA6.3. Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado.<br>CA6.4. Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica. |

BC7. A MATERIA E OS SEUS CAMBIOS

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA7. Caracteriza e explica fenómenos fisicoquímicos relevantes asociados á materia e os seus cambios, empregando coñecementos científicos. | CA7.1. Identificáronse e comprendéronse fenómenos naturais relevantes, para os explicar en termos de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de decisións fundamentadas.<br>CA7.2. Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.<br>CA7.3. Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas<br>CA7.4. Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado. |

BC8. A ENERXÍA

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA8. Caracteriza e explica fenómenos e aplicacións relacionados coa enerxía eléctrica, e valora o seu uso responsable | CA8.1. Identificáronse e comprendéronse fenómenos naturais relevantes, para os explicar en termos de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de decisións fundamentadas.<br>CA8.2. Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.<br>CA8.3. Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas.<br>CA8.4. Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado.<br>CA8.5. Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica. |

BC9. O CORPO HUMANO E A SAÚDE

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA9. Analiza a anatomía e a fisioloxía do corpo | CA9.1. Recoñecéronse e identificáronse órganos, aparellos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais, explicando |

| | |
|---|---|
| humano, recoñecendo a importancia de adoptar hábitos saudables para a prevención de doenzas. | os procesos fundamentais que interveñen nelas e establecendo o seu papel e importancia.<br>CA9.2. Recoñeceuse o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres, respectando a diversidade sexual e promovendo a responsabilidade nas prácticas sexuais seguras.<br>CA9.3. Avaliáronse os efectos de determinadas accións individuais sobre o organismo reflexionando sobre a importancia de adquirir hábitos saudables como método de prevención de doenzas.<br>CA9.4. Identificáronse as drogas legais e ilegais considerándoas como causa de prexuízo non só para as persoas que as consomen senón tamén para as que están na súa contorna.<br>CA9.5. Analizouse a función do sistema inmune na prevención e na superación das doenzas, concienciouse sobre o uso responsable de antibióticos e valorouse a importancia das vacinas e dos transplantes na sociedade.<br>CA9.6. Recoñeceuse a información con base científica en relación coa saúde e as doenzas, distinguíndoa das pseudociencias, das falacias, das teorías conspiratorias e das crenzas infundadas, e mantendo unha actitude escéptica ante estas. |

BC10. SENTIDO SOCIOAFECTIVO

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA10. Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, participa activamente no traballo en equipo e valora as contribucións do resto do equipo. | CA10.1. Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias.<br>CA10.2. Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.<br>CA10.3. Emprendéronse, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade. |

8.4. Módulo Profesional: Comunicación e sociedade I. Código: 3161 . Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

BLOQUE 1: CIENCIAS SOCIAIS

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA1. Identifica, comprende e procura información sobre as | CA1.1. Analizouse e interpretouse a contorna nos seus aspectos xerais e locais desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través de conceptos e procedementos xeográficos, identificando os |

| | |
|---|---|
| causas e as consecuencias dos procesos históricos e a súa permanencia no tempo, así como as características do espazo xeográfico, os seus elementos e as súas interrelacións, recoñecendo o valor dos bens patrimoniais e culturais, o grao de sustentabilidade da contorna e a necesidade de protexelos e de conservalos. | seus principais elementos e as interrelacións existentes, e valorando o grao de sustentabilidade e equilibrio dos espazos a partir de actitudes de defensa, protección, conservación e mellora da contorna (natural, rural e urbana).<br>CA1.2. Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia desde a prehistoria á Idade Moderna nun contexto xeral e próximo, e reflexionouse sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente.<br>CA1.3. Valorouse a protección e conservación do patrimonio artístico, histórico, natural e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos, apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural en Europa, España e Galicia como patrimonio común, e realizáronse propostas que contribúan á súa conservación e a un desenvolvemento ecosocial sustentable.<br>CA1.4. Interpretouse a realidade europea, española e galega actual desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, recoñecendo a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalas desde a propia capacidade de acción, e valorando a contribución de programas e misións dirixidos polos estados, os organismos internacionais e as asociacións civís para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.<br>CA1.5. Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ata a Idade Moderna, sinalando os principais modelos de organización social e política que se foron xestando, e valorando a contribución das mulleres na historia.<br>CA1.6. Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais.<br>CA1.7. Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación.<br>CA1.8. Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas.<br>CA1.9. Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos |

| | |
|---|---|
| | xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais. |

BLOQUE 2: COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ E EN LINGUA GALEGA

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA2. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios anteriores ao século XIX nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas e estratexias de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo. | CA2.1. Localizouse e organizouse información obtida a partir de diversas fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo e das necesidades propostas.<br>CA2.3. Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación.<br>CA2.3. Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación.<br>CA2.4. Comprendeuse e interpretouse o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada.<br>CA2.5. Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.<br>CA2.6. Planificouse a redacción de textos escritos e multimodais atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactáronse e revisáronse borradores, e presentouse un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.<br>CA2.7. Participouse de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.<br>CA2.8. Léronse de xeito autónomo textos seleccionados en función dos propios gustos, dos intereses e das necesidades, deixando constancia do progreso do propio itinerario de lectura e cultural, e explicáronse os criterios de selección das lecturas.<br>CA2.9. Actuouse de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos profesional e persoal.<br>CA2.10. Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural |

| | |
|---|---|
| | como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese e identificando elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a democracia. |

8.5. Módulo profesional: Itinerario persoal para a empregabilidade. Código:3159. Resultado de aprendizaxe e criterios de avaliación

| RA / RESULTADOS DE APRENDIZAXE | CA / CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| RA1. Desenvolve actividades de autocoñecemento que lle permiten orientarse a campos profesionais motivadores nos que pode desplegar todas as súas capacidades | CA1.1. Evalúase os propios intereses, motivacións, habilidades e destrezas no marco dun proceso de autocoñecemento.<br>CA1.2. Determínanse as competencias personais e sociais con valor para o emprego.<br>CA1.3. Valórase o concepto de autoestima no proceso de búsqueda de emprego.<br>CA1.4. Identifícanse as fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades propias para a inserción profesional, así como as estratexias para sacarlles o maior aproveitamento.<br>CA1.5. Identifícanse expectativas de futuro para a inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais. |
| 2. Desenvolve habilidades sociais concretas que se demostran como fundamentais á hora de encontrar un emprego e mantelo | CA2.1 Valórase la importancia das competencias personais e sociais na empregabilidade.<br>CA2.2. Aplícanse estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas.<br>CA2.3. Póñense en práctica técnicas de presentación, orais e escritas, para unha comunicación efectiva e afectiva valorando a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade.<br>CA2.4. Identifícanse os beneficios do traballo en equipo, así como os diferentes xeitos de levalo a cabo.<br>CA2.5. Reaccionase de xeito flexible e positiva ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional. |
| RA3. Accede á información dos posibles itinerarios académicos e/oo profesionais que ten ó seu alcance a través da investigación e a reflexión libre de estereotipos vocacionais | CA3.1. Determínase a realidade do entorno sociolaboral actual.<br>CA3.2. Identifícanse os itinerarios académicos e profesionais afíns ós seus intereses e valóranse as opcións que mellor se axustan ós seus perfís profesionais e as súas preferencias. |

## 9. CONTIDOS BÁSICOS

9.1. Módulo Profesional: Traballos de reprografía. Código: 3124.

UF 1: RECEPCIÓN DE TRABALLOS DE REPROGRAFÍA E PREPARACIÓN DE DISPOSITIVOS E MATERIAIS. CÓDIGO: MP3124_12.

1. Recepción de encargas tipo de traballos de reprografía.
   a) Protocolos de relación e comunicación coa clientela.
   b) Técnicas de comunicación habituais coa clientela.
   c) Especificacións dos pedidos: cliente/a, tipo de traballo, cantidade, cores, formato, etc.
   d) Normas de dereitos de autoría e reprodución vinculadas á reprografía.
   e) Documentos para a identificación e a tramitación das encargas de traballos de reprografía. Conceptos e tarifas. Documentos de entrega. Documentos de cobramento.
   f) Formalización de ordes de traballo.
   g) Valoración de encargas en reprografía. Elaboración de orzamentos. Tarifas de prezos.
2. Iniciativa emprendedora nos traballos de reprografía.
   a) A persoa emprendedora nos traballos de reprografía.
   b) Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nos traballos de reprografía.
   c) risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada cos traballos de reprografía.
3. Comprobación de orixinais para a súa reprodución
   a) Viabilidade de reprodución: relación cos equipamentos, os sistemas de alimentación dispoñibles e a calidade requirida. Parámetros de calidade.
   b) Identificación de orixinais: tipo de soporte e formato.
   c) Selección do soporte: tamaño, gramaxe, textura e cor.
   d) Selección do equipamento de reprografía: produción.
4. Control do almacén de reprografía
   a) Recepción de materiais. Instrucións de aprovisionamento. Criterios de calidade para a aceptación ou o rexeitamento de soportes e de consumibles.
   b) Almacenamento de soportes e consumibles.
   c) Control do almacenamento e do mantemento de existencias mínimas.
   d) Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de almacenamento de soportes e consumibles de reprografía. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Elementos de protección individual.

5. Preparación de equipamentos de reprografía

a) Preparación de soportes e consumibles.
b) Equipamentos de reprografía: características e funcións.
c) Elementos dos equipamentos de reprografía: alimentación, paso e saída. Parámetros a configurar. Influencia na reprodución.
d) Consolas. Aplicacións informáticas.
e) Instrucións técnicas para a preparación dos equipamentos.
f) Operacións de posta en marcha.

UF 2: REALIZACIÓN E DESPACHO DE TRABALLOS DE REPROGRAFÍA, E MANTEMENTO DE EQUIPAMENTOS. CÓDIGO: MP3124_22.

1. Reprodución de orixinais e mostras mediante equipamentos de reprografía

a) Produción en reprografía. Máquinas e sistemas de reprodución. Operacións auxiliares que poden realizar.
b) Operacións de carga. Substitución de consumibles.
c) Calidade na reprodución.
d) Parámetros modificables durante a reprodución.
e) Probas de reprodución. Comprobacións de calidade.
f) Reaxuste de parámetros.
g) Verificacións de funcionamento.
h) Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de reprografía. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Elementos de protección individual.

2. Despacho de encargas tipo de traballos de reprografía

a) Terminais de venda. Equipamentos informáticos de cobramento.
b) Procedementos para o control e o arquivo de documentos relacionados cos encargas de traballos de reprografía.
c) Formalización de documentos de entrega: albarás, facturas e notas de entrega.
d) Técnicas de empaquetaxe.
e) Materiais de empaquetaxe e embalaxe.
f) Utensilios e equipamentos de embalaxe funcional. Identificación dos paquetes.

3. Mantemento de equipamentos de reprografía

a) Niveis do mantemento.
b) Operacións de mantemento de primeiro nivel.

c) Interpretación de manuais técnicos e plans de mantemento.
d) Identificación de partes dos equipamentos que é preciso manter.
e) Operacións de mantemento.
f) Operacións de principio e fin de xornada.
g) Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de mantemento de equipamentos de reprografía. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Elementos de protección individual.

9.2. Módulo Profesional: Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos.

Código: MP3125.

UF 1: PREPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO PARA OS ACABAMENTOS. CÓDIGO: MP3125_12.

1. Procesos manuais de manipulación de produtos gráficos

a) Procesos básicos de manipulación.
b) Características dos produtos gráficos para manipular.
c) Datos e instrucións técnicas en procesos básicos de manipulación: signos, marcas e esbozos.
d) Vocabulario e simboloxía básicos en procesos manuais de manipulación de produtos gráficos.
e) Utilización de produtos, materiais e utensilios en procesos básicos de manipulación.
f) Tipoloxía dos materiais: características, propiedades e aplicacións.
g) Características técnicas dos materiais: gramaxe e espesor; flexibilidade e rixidez.
h) Materiais ligantes.
i) Preparación de colas e adhesivos: métodos de aplicación. Medidas e equipamentos de seguridade.

2. Acondicionamento da área de traballo

a) Aproveitamento óptimo do espazo.
b) Disposición de zonas para o aprovisionamento e o empillamento de produtos e materiais.
c) Situación de máquinas, equipamentos e ferramentas.
d) Preparación dos utensilios e as ferramentas para cortar, encartar, fender, pegar e encaixar.
e) Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de acabamento en reprografía e de finalización de produtos gráficos. Riscos específicos e factores

implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Equipamentos de protección individual.

3. Recursos para encadernacións e acabamentos en reprografía

a) Especificacións de acabamento: indicacións en ordes de traballo.
b) Máquinas, utensilios e ferramentas para encadernación mecánica ou funcional: estrutura e funcións. Manexadores.
c) Materiais e utensilios de encadernación (papel, cartón, plásticos, grampas, parafusos, aros, etc.): aplicacións.
d) Máquinas, utensilios e ferramentas para acabamentos de materiais reprográficos: estrutura, funcións e aplicacións.
e) Materiais e utensilios para o acabamento de materiais reprográficos (papel, cartón e plásticos): aplicacións.

UF 2: ACABAMENTO, MANIPULACIÓN E ENCADERNACIÓN DE PRODUTOS GRÁFICOS. CÓDIGO: MP3125_22.

1. Acabamentos en reprografía

a) Manipulacións e acabamentos propios de reprografía.
b) Tipos de acabamentos: encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura e autoplastificación. Instrucións, esbozos e modelos.
c) Equipamentos de encartadura de planos e de autoplastificación, alzadoras, fendedoras e laminadoras. Axuste. Sistemas de seguridade.
d) Equipamentos e dispositivos de corte: cisallas e guillotinas. Axuste. Sistemas de seguridade.
e) Planificación e execución das operacións de corte. Aproveitamento de materiais.
f) Procedementos de traballo seguro no acabamento de reprografía.

2. Iniciativa emprendedora no acabamento, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos.

a) A persoa emprendedora no acabamento, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos.
b) Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación no acabamento, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos.
c) Risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada co acabamento, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos.

3. Encadernación de materiais reprográficos

a) Tipos de encadernación mecánica ou funcional: características, aplicacións e especificacións técnicas.
b) Proceso de encadernación: sistemas.
c) Equipamentos de encadernación mecánica ou funcional.
d) Axuste de equipamentos. Instrucións técnicas.
e) Operacións de mantemento de primeiro nivel.
f) Operacións de encadernación. Preparación e disposición dos materiais. Calidade do produto terminado.
g) Medidas de seguridade relacionadas coas operacións de encadernación mecánica ou funcional.

4. Procedementos manuais de finalización, manipulación, transformación e encadernación de produtos gráficos

a) Características dos utensilios e as ferramentas para cortar, encartar, fender, pegar, encaixar, etc.
b) Manexo dos utensilios e as ferramentas (encartadora, coitela de corte, regras, brochas, prensa, brocas ocas, roletes, sacabocados e remachadoras).
c) Produtos e materiais para operacións básicas de finalización, manipulación, transformación e encadernación.
d) Encartadura manual de follas.
e) Encolado de bloques.
f) Refilado de cantos de produtos gráficos.
g) Operacións simples de contracolado.
h) Operacións simples de perforación manual.
i) Preparación e fixación de elementos complementarios.
j) Ensamblaxe de caixas, cartafoles ou outros produtos de papel e cartón.
k) Normas de seguridade, saúde e protección ambiental en procedementos manuais de finalización, manipulación, transformación e encadernación de produtos gráficos. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Elementos de protección individual.

<u>9.3. Módulo Profesional: Ciencias Aplicadas I. Código: 3163</u>

BC1. DESTREZAS CIENTÍFICAS BÁSICAS

• Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica:

– Identificación e formulación de cuestións.

– Elaboración de hipóteses.

– Comprobación mediante experimentación.

– Análise e interpretación de resultados.

• Contornas e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e as contornas virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto polo ambiente.

• Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar e profesional en diferentes formatos.

• Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela, e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.

BC2. SENTIDO NUMÉRICO

• Números e operacións.

– Identificación e representación de cantidades con números naturais, enteiros, decimais e racionais.

– Representación e ordenación de números na recta numérica.

– Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos.

– Operacións ou combinación de operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais (suma, resta, multiplicación, división e potencias con expoñentes enteiros).

– Propiedades das operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais.

– Resolución de problemas elixindo a representación máis adecuada dunha cantidade.

– Estratexias de cálculo mental, de xeito manual ou con calculadora.

– Relacións inversas (adición e subtracción, multiplicación e división, cadrado e raíz cadrada): utilización na resolución de problemas.

• Utilización da contaxe para resolver problemas da vida cotiá e profesional, adaptando a estratexia e o tipo de contaxe ao tamaño dos números.

• Interpretación de números grandes e pequenos.

– Recoñecemento da notación científica.

– Orde de magnitude.

– Uso da calculadora na representación de números en notación exponencial e científica

• Factores e múltiplos: relacións e uso da factorización en números primos na resolución de problemas.

• Razóns e proporcións: comprensión e representación de relacións cuantitativas.

• Relacións de proporcionalidade directa e inversa.

– Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa e inversa.

– Interpretación da constante de proporcionalidade no contexto dado.

– Resolución de problemas de proporcionalidade: escalas, cambio de divisas, etc.

• Porcentaxes.

– Comprensión e uso en diferentes contextos.

– Aumentos e diminucións porcentuais. Aplicación en contextos cotiáns e profesionais, como rebaixas, descontos, impostos, taxas, etc.

• Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relacións calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns e profesionais.

BC3. SENTIDO DA MEDIDA

• Estimación, relacións e conversións. Toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida.

• Obtención de fórmulas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas.

• Aplicación do cálculo de perímetros e áreas na resolución de problemas.

BC4. SENTIDO ESPACIAL

• Formas xeométricas de dúas e tres dimensións.

– Descrición de figuras planas e tridimensionais, e os seus elementos característicos.

– Clasificación das formas xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características.

– Construción de formas xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada, etc.

• Coordenadas cartesianas: localización e descrición de relacións espaciais.

BC5. SENTIDO ALXÉBRICO

• Padróns e sucesións.

– Identificación de estruturas numéricas e gráficas.

– Determinación da regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos.

– Identificación de padróns en diferentes contextos: mosaicos, frisos, calzadas, etc.

• Linguaxe alxébrica.

– Comprensión do concepto de variable.

– Expresión de relacións sinxelas mediante linguaxe alxébrica.

– Equivalencia de expresións alxébricas de primeiro grao.

– Resolución alxébrica e gráfica de ecuacións lineais en problemas de contextos diferentes.

– Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto.

– Uso de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas e interpretación das solucións.

• Relacións e funcións.

– Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica.

– Relacións lineais: interpretación en situacións contextualizadas descritas mediante enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica.

• Estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de seren analizados utilizando programas e outras ferramentas.

BC6. SENTIDO ESTOCÁSTICO

• Características dunha poboación.

– Formulación de preguntas adecuadas.

– Estratexias de recollida de datos.

– Organización dos datos: frecuencias e táboas de frecuencia.

• Medidas de centralización e dispersión.

– Cálculo, interpretación e obtención de conclusións razoadas.

– Uso das ferramentas tecnolóxicas adecuadas a cada situación.

– Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás súas medidas de centralización e de dispersión.

• Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, apps, etc.).

• Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables estatísticas en contextos cotiáns.

BC7. A MATERIA E OS SEUS CAMBIOS

• Teoría cinético-molecular: aplicación e explicación das propiedades máis importantes dos sistemas materiais.

• Composición da materia.

– Aplicación dos coñecementos sobre a estrutura atómica da materia para entender a formación de ións, a existencia de isótopos, o desenvolvemento histórico do modelo atómico e a ordenación dos elementos na táboa periódica.

– Valoración das aplicacións dos elementos e compostos químicos de maior relevancia e utilidade social, ou relacionados coa familia profesional correspondente, a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas.

• Formulación e nomenclatura de substancias químicas simples e compostos binarios inorgánicos segundo as normas da IUPAC.

• Análise dos tipos de cambios que experimentan os sistemas materiais, para os relacionar coas súas causas e coas súas consecuencias.

• Reaccións químicas.

– Interpretación das reaccións químicas a nivel macroscópico e microscópico.

– Aplicación da lei de conservación da masa.

– Análise dos factores que afectan a velocidade das reaccións químicas de forma cualitativa.

• Experimentación cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.

BC8. A ENERXÍA

• Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos.

• Enerxía eléctrica: obtención.

– Circuítos eléctricos simples.

– Obtención experimental de magnitudes e relación entre elas.

– Medidas de seguridade e prevención.

BC9. O CORPO HUMANO E A SAÚDE

• A función de nutrición.

– Os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor: anatomía, fisioloxía e relación entre eles.

– Análise xeral da función de nutrición e a súa importancia.

• A función de relación.

– Receptores sensoriais.

– Centros de coordinación: sistema nervioso e sistema endócrino.

– Órganos efectores.

– Análise xeral da función de relación e a súa importancia.

• A función de reprodución.

– Aparello reprodutor: anatomía e fisioloxía.

– Análise xeral da función de reprodución e a súa importancia.

– Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables.
– Prevención das infeccións de transmisión sexual.
– Educación afectivo-sexual desde a igualdade e o respecto á diversidade sexual.

• Saúde e doenzas.

– Hábitos saudables (prevención do consumo de drogas legais e ilegais, postura adecuada, dieta equilibrada, uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos, autorregulación emocional, exercicio físico e hixiene do sono).
– Sistema inmune: funcionamento e importancia.
– Doenzas infecciosas. Prevención, superación e tratamentos.
– Uso responsable de antibióticos.
– Vacinas: importancia e valoración do seu efecto positivo na sociedade.
– Transplantes: Importancia da doazón de órganos.

BC10. SENTIDO SOCIOAFECTIVO

• Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.

• Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.

• Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.

• Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.

• Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.

<u>9.4. Módulo Profesional: Comunicación e sociedade I. Código: 3161</u>

BLOQUE 1: CIENCIAS SOCIAIS

- Obxectivos e estratexias das ciencias sociais: procedementos, termos e conceptos.
- Fontes históricas e arqueolóxicas do coñecemento histórico como base para a construción deste (arquivos, bibliotecas, museos, etc.). Riscos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Uso ético da información. O problema da desinformación.
- As grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas prehistóricas e as primeiras persoas poboadoras na Península Ibérica e en Galicia.

- As raíces clásicas de Grecia e Roma no mundo occidental: as institucións e a construción das identidades culturais e do eurocentrismo a través do pensamento e da arte.
- Principais fitos da historia medieval e moderna mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais.
- Organización social e política ao longo da historia: a transformación política do ser humano desde as civilizacións antigas ás monarquías da Idade Moderna.
- A cidade e o mundo rural ao longo da historia: poles, urbes, cidades, vilas e aldeas. As súas características en España e en Galicia.
- A pegada humana e a conservación, a protección e a defensa do patrimonio ambiental, histórico, artístico, cultural e natural. Legado cultural en España e en Galicia. A relación do ser humano e a natureza ao longo da historia.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións do período histórico que se aborda no curso, e exemplos puntuais dalgunha das obras universais e galegas ou dalgún dos movementos artísticos máis significativos.
- Diversidade social e multiculturalidade: integración e cohesión social.
- Compromiso e acción ante os obxectivos de desenvolvemento sustentable.
- A emerxencia climática e os problemas ecosociais. A conciencia ambiental. Compromiso e acción ante os obxectivos do desenvolvemento sustentable. Os efectos da globalización nas sociedades actuais.
- Discriminacións: causas e consecuencias. Respecto polas minorías etnoculturais.
- Contribución das mulleres á historia: da prehistoria á etapa moderna.
- Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos que se abordan no curso.

BLOQUE 2: COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ E EN LINGUA GALEGA

- Alfabetización mediática e informacional. Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.

  – Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade. Aspectos básicos da propiedade intelectual.

  – Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.

  –Estratexias de procura e selección de información.

– Análise dos riscos e das consecuencias da manipulación e da desinformación.

– Estratexias de organización da información: a escrita como mecanismo para organizar o pensamento (notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos...).

– Achegamento ao correcto emprego do sistema de citación e ao uso das referencias bibliográficas nas creacións propias

– Utilización responsable das tecnoloxías da información. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais de procura de información.

• Comunicación. Estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.

– Contexto: compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre as persoas interlocutoras; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

– Comprensión e creación de secuencias textuais básicas (narrativas, descritivas, dialogadas, expositivas e argumentativas).

– Emprego correcto das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

– Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe da persoa interlocutora (a discrepancia, a queixa, a orde e a reprobación).

– Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos da desinformación, a manipulación e a vulneración da privacidade. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

– Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional. Autoconfianza: posta en valor de puntos fortes. O erro na comunicación como oportunidade de mellora.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes; selección e retención da información relevante. A intención do emisor.

– Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. Os prexuízos lingüísticos.

– Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais.

Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

– Comprensión de lectura: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.

– Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.

– Identificación y emprego de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.

– Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

• Educación literaria.

– Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español desde a Idade Media ata o século XVIII inscritas nun itinerario temático ou de xénero.

– Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde a Idade Media ata o século XIX inscritas nun itinerario temático ou de xénero.

– Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal desde a Idade Media ata o século XVIII inscritas nun itinerario temático ou de xénero.

– Expresión, a través de modelos, da experiencia de lectura e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos.

– Relación e comparación dos textos lidos en lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes.

– Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes.

– Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua castelá atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

– Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

– Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia no cambio climático e na protección e o benestar dos animais.

• Reflexión sobre a lingua.

– Análise da diversidade lingüística da contorna. Biografía lingüística.

– Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras e oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos, xeneralizacións e contraste entre linguas, co uso da metalinguaxe específica.

## 10. ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS

10.1. Módulo Profesional: Traballos en reprografía Código: 3124

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de recepción e reprodución de encargos de reprografía, así como o almacenamento dos soportes e consumibles necesarios para a execución dos traballos, o mantemento dos equipamentos necesarios e a xestión ambiental dos residuos xerados.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Utilización de equipamentos e aplicacións informáticas para a recepción de encargas de reprografía e para a súa reprodución.
- Elaboración e xestión de documentos para a tramitación de encargas de reprografía.
- Preparación de orixinais e equipamentos para a realización de traballos de reprografía.
- Preparación de equipamentos de reprografía e o seu mantemento en condicións de operatividade.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar as competencias do módulo han versar sobre:

- Utilización de aplicacións informáticas para a elaboración e o arquivo de documentos.
- Preparación, utilización, axuste, mantemento e limpeza de equipamentos de reprografía.

10.2. Módulo Profesional: Acabamentos en reprografía e finalización de productos gráficos Código: 3055

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de finalización de produtos gráficos e á de realización de encadernacións e acabamentos en reprografía, en condicións de seguridade, así como ao mantemento dos equipamentos necesarios para a execución dos traballos e a xestión ambiental, de ser o caso, dos residuos xerados.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Utilización de equipamentos específicos para a encadernación de materiais reprográficos mediante sistemas convencionais.
- Acondicionamento da área de traballo e operacións de preparación de máquinas ou equipamentos de pequeno formato para a manipulaciónbásica de pro-dutosgráficos.
- Operacións manuais de finalización, manipulación, transformación e encadernación de produtos gráficos.
- Realización de operacións de control de calidade do produto acabado e/ou en proceso de finalización.

A formación do módulorelaciónase cos obxectivos xerais e), h) e j), e coas competencias profesionais, persoais e sociais e) e j). Ademais, relaciónase cos obxectivos t), u), v), w), x), y) e z), e coas competencias r), s), t), u), v), w) e x), que se inclui- rán neste módulo profesional de xeito coordinado co resto de módulos profesionais.

- As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar as competencias do módulo han versar sobre:
- Posta a punto, limpeza e mantemento de instalacións, máquinas e ferramentas utilizadas nos procesos manuais para a transformación e/ou finalización de produtos gráficos.

- Adopción de procedementos de traballo seguros.
- Retirada selectiva dos residuos xerados.

10.3. Módulo Profesional: Ciencias aplicadas I. Código: 3163

Este módulo contribúe a alcanzar as competencias para a aprendizaxe permanente e contén a formación para que o alumno sexa consciente tanto da súa propia persoa como do medio que o rodea.

Os contidos deste módulo contribúen a afianzar e aplicar hábitos saudables en todos os aspectos da súa vida cotiá.

Así mesmo utilizan a linguaxe operacional das matemáticas na resolución de problemas de distinta índole, aplicados a calquera situación, xa sexa na súa vida cotiá como na súa vida laboral.

A estratexia de aprendizaxe para o ensino deste módulo que integra a ciencias como as matemáticas, química, bioloxía e xeoloxía se enfocará aos conceptos principais e principios das ciencias, involucrando os estudantes na solución de problemas sinxelos e outras tarefas significativas, e permítalles traballar de xeito autónomo para construír a súa propia aprendizaxe e culminar en resultados reais xerados por eles mesmos.

As liñas de actuación no proceso **ensino aprendizaxe** que permiten alcanzar as competencias do módulo versarán sobre:

1. A utilización dos números e as súas operacións para resolver problemas.
2. O recoñecemento das formas da materia.
3. A identificación e localización das estruturas anatómicas.
4. A realización de exercicios de expresión oral, aplicando as normas básicas de atención ao público.
5. A importancia da alimentación para unha vida saudable.
6. A resolución de problemas.

10.4. Módulo Profesional: Comunicación e sociedade I. Código: 3161

Este módulo contribúe a alcanzar as competencias para a aprendizaxe permanente e contén a formación para que as alumnas e os alumnos sexan capaces de recoñecer as características básicas dos fenómenos relacionados coa actividade humana e mellorar as súas habilidades comunicativas.

A estratexia de aprendizaxe para o ensino deste módulo que integra coñecementos básicos relativos a ciencias sociais, lingua castelá e literatura e lingua inglesa, estará enfocada ao uso de ferramentas básicas da análise textual, a elaboración de información estructurada tanto

oral coma escrita, a localización de espazo-temporal dos fenómenos sociais e culturais e o respecto á diversidade de crenzas e a pautas de relación cotiá en distintas sociedades e grupos humanos, involucrando os estudantes en tarefas significativas que lles permita traballar de xeito autónomo e en equipo.

As liñas de actuación no proceso de **ensino aprendizaxe** que permiten alcanzar os obxectivos do módulo en relación coas Ciencias Sociais están relacionadas con:

1. A integración motivadora de saberes que lle permitan analizar e valorar a diversidade das sociedades humanas.
2. A utilización de recursos e fontes de información ao seu alcance para organizar a información que extraa para favorecer a súa integración no traballo educativo.
3. O recoñecemento da pegada do pasado na vida diaria mediante a apreciación da diversidade dos grupos humanos e os seus logros ao longo do tempo.
4. A valoración dos problemas do seu ámbito a partir da análise da información dispoñible, a formulación de explicacións xustificadas e a reflexión sobre a súa actuación ante estas en situacións de aprendizaxe pautadas.

## 11. UNIDADES DE TRABALLO E TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

Na táboa seguinte, amósanse as Unidades de traballo, o título de cada unha delas así como o trimestre no que se abordará. As unidades de traballo son un compendio dos dous módulos da área de formación específica deste Programa Formativo, ademais de incluír algunhas outras mais xenéricas, pero que deben incluírse, debido ao tipo de alumnado co que se trata.

Así mesmo, deseguido pódese ver unha taboa coas labores que se deberían desenvolver ao longo do curso, separadas por meses, e que forma parte dos contidos básicos dos módulos da área de formación específica do Programa.

### 11.1. Módulos da área de formación específica

Nalgúns casos farase simulacións dalgunhas operacións, posto que certos operacións requiren de maquinaria moi específica e que nestes momentos non se dispoñen no taller.

Atendendo ó contido organizador, así como dando resposta ás capacidades terminais dos módulos e a agrupación de contidos, deséñase unha distribución total en 7 unidades.

Coma os módulos de Reprografía e Acabamento teñen contidos que se repiten ou están moi relacionados, para facilitar o proceso de aprendizaxe ó tipo de alumnado con necesidades específicas moi complexas e variadas, decídese fusionar a nivel de contidos os dous módulos en 7 unidades didácticas.

| UNIDAD DIDÁCTICA | MÓDULO PROFESIONAL RELACIONADO | 1º TRIM. | 2º TRIM. | 3º TRIM. |
|---|---|---|---|---|
| UD01. Contidos básicos | Reprografía | X | | |
| UD02. Fluxos de traballo | Reprografía Acabamentos | X | | |
| UD03. Materiais e formatos | Reprografía Acabamentos | X | | |
| UD04. Acabamentos | Acabamentos | X | X | |
| UD05. O libro | Acabamentos | | X | X |
| UD06. Encadernación | Reprografía Acabamentos | | X | X |
| UD07. Mantemento e seguridade PRL | Reprografía Acabamentos | X | X | X |
| Visitas técnicas e culturais | | X | X | X |

**SETEMBRO**

- Presentación dos módulos.
- Identificar o protocolo de relación co cliente.
- Crear a documentación para os pedidos.
- Explicar os diferentes orixinais.
- Explicar os produtos gráficos máis comúns.
- Realizar recepción de pedidos.
- Manexar Word/Excel

**OUTUBRO**

- Inventariar o material.
- Crear a documentación para o control de stock.
- Etiquetar o material.
- Controlar o stock.
- Realizar recepción de pedidos.
- Manexar a plastificadora.
- Explicar materiais para o plastificado.
- Realizar encadernacións.

- Hixiene e seguridade na encadernación e no plastificade.
- Papel e as súas propiedades.
- Explicar os diferentes software de deseño.

**NOVEMBRO**

- Propiedades e características da cartolina e o cartón gris.
- Control de stock.
- Realizar recepción de pedidos.
- Manexo da cizalla.
- Materiais de reprografía.
- Realización de encadernacións básicas.
- Explicación de software de deseño.
- Deseño calendario.
- Manexo do menú da impresora RICOH C3004.
- Manexo do menú da impresora EPSON.

**DECEMBRO**

- Control de stock.
- Realizar recepción de pedidos.
- Manexo das diferentes grampadora.
- Tipos de grampas.
- Materiais de encadernación.
- Realización de encadernacións coa grampadora.
- Explicación de software de deseño.
- Impresión do calendario.
- Manexo das bandexas e impresión RICOH C3004.

**XANEIRO**

- Control de stock.
- Realizar recepción de pedidos.
- Creación dos documentos para o despacho de pedidos.
- Realizar despacho dos pedidos.
- Manexo da remachadora.
- Consumibles da remachadora.

- Materiais de encadernación.
- Realización de encadernacións.
- Explicación do plotter de corte.
- Hixiene e seguridade no uso do plotter de corte.
- Explicación de software de deseño.
- Deseño de carteis.

**FEBREIRO**

- Control de stock.
- Realizar recepción de pedidos.
- Realizar despacho dos pedidos
- Materiais de encadernación.
- Realización de encadernacións.
- Realización de pegatinas co plotter de corte.
- Realizar o pelado das pegatinas.
- Hixiene e seguridade no proceso de pelado.
- Vinilo de corte: características e propiedades.
- Explicación de software de deseño.
- Deseño de carteis.

**MARZO**

- Control de stock.
- Realizar recepción de pedidos.
- Realizar despacho dos pedidos.
- Materiais de encuadernación Wire-o.
- Hixiene e seguridade no proceso de encadernación en Wire-o.
- Realización de encadernacións.
- Instalación e manexo do escáner.
- Hixiene e seguridade no proceso de escaneado.
- Reprodución das imaxes escaneadas.
- Explicación de software de deseño.
- Deseño de carteis.
- Normativa da propiedade intelectual e a copia.

**ABRIL**

- Control de stock.
- Realizar recepción de pedidos.
- Realizar despacho dos pedidos.
- Materiais de encadernación.
- Realización de encadernacións tapa dura.
- Hixiene e seguridade no proceso de encadernación tapa dura.
- Tipos de pregado.
- Pregadora.
- Hixiene e seguridade no manexo da pregadora.
- Explicación de software de deseño.
- Deseño libro ilustrado e escrito polo alumnado.

**MAIO**

- Control de stock.
- Realizar recepción de pedidos.
- Realizar despacho dos pedidos.
- Materiais de encadernación.
- Realización de encadernación térmica.
- Hixiene e seguridade no proceso de encadernación térmica.
- Explicación de software de deseño.
- Deseño e montaxe dun proxecto de libro creado polos alumnos encadernado en tapa dura.

**XUÑO**

- Inventario do material e ferramentas.
- Materiais de encadernación.
- Realización de encadernación.
- Realizar recepción de pedidos.
- Realizar despacho dos pedidos.
- Impresión e encadernación do libro creado polos alumnos.

11.2. Módulos da área de formación básica

Na parte básica, atendendo ó contido organizador, así como dando resposta ás capacidades terminais dos módulos e a agrupación de contidos, deséñase unha distribución total en 8

unidades, esta distribución temporal, poderá ser modificada en función de como se desenvolva o proceso de ensinanza – aprendizaxe do alumnado:

| UNIDADES DE TRABALLO | 1º TRIM. | 2º TRIM. | 3º TRIM. |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas mediante operacións básicas | X | | |
| Identificación das formas da materia | X | | |
| Recoñecemento da enerxía nos procesos naturais | | X | |
| Localización de estructuras anatómicas básicas | | X | |
| Diferenciación entre saúde - enfermidade | | | X |
| Valoración das sociedades e a súa relación co medio natural | X | | |
| Utilización de estratexias de comunicación oral na lingua vehicular | X | X | X |
| Utilización de estratexias de comunicación escrita na lingua vehicular | X | X | X |

**SETEMBRO**

- Recoñecemento e diferenciación dos distintos tipos de números.
- Representación na recta real.
- Utilización da xerarquía das operación
- Aplicación da escoita activa na comprensión de textos orais.
- Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.
- Adecuación ao contexto comunicativo.
- Aplicación das normas lingüísticas na comunicación oral. Organización da frase: estruturas gramaticais básicas.
- Composicións orais.
- Uso de medios de apoio: audiovisuais e TIC.
- Estratexias de lectura: elementos textuais.
- Estratexias básicas no proceso de composición escrita.
- Presentación de textos escritos en distintos soportes.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas.

**OUTUBRO**

- Recoñecemento e diferenciación dos distintos tipos de números.
- Representación na recta real.

- Utilización da xerarquía das operacións.
- As paisaxes naturais.
- Recursos básicos: guións, esquemas y resumes, entre outros.
- Textos orais
- Aplicación da escoita activa na comprensión de textos orais.
- Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.
- Usos orais informais e formais da lingua.
- Adecuación ao contexto comunicativo.
- Composicións orais.
- Exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade.
- Uso de medios de apoio: audiovisuais e TIC.
- Tipos de textos. Características de textos propios da vida cotiá e profesional.
- Estratexias de lectura: elementos textuais.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas.

**NOVEMBRO**

- Unidades de lonxitude.
- Unidades de capacidade.
- Unidades de masa.
- Materia. Propiedades da materia.
- As sociedades.
- Recursos básicos: guións, esquemas y resumes, entre outros.
- Textos orais
- Aplicación da escoita activa na comprensión de textos orais.
- Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.
- Intercambio comunicativo.
- Elementos extralingüísticos da comunicación oral.
- Adecuación ao contexto comunicativo.
- Composicións orais.
- Exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade.
- Uso de medios de apoio: audiovisuais e TIC.
- Estratexias de lectura: elementos textuais.

- Pautas para a utilización de dicionarios diversos.
- Estratexias básicas no proceso de composición escrita.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas.

**DECEMBRO**

- Unidades de lonxitude.
- Unidades de capacidade.
- Unidades de masa.
- Cambios de estado da materia
- nacemento das cidades.
- Aplicación da escoita activa na comprensión de textos orais.
- Adecuación ao contexto comunicativo.
- Aplicación das normas lingüísticas na comunicación oral. Organización da frase: estructuras gramaticais básicas.
- Composicións orais.
- Exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade.
- Presentacións orais sinxelas
- Uso de medios de apoio: audiovisuales e TIC.
- Tipos de textos. Características de textos propios da vida cotiá e profesional.
- Pautas para a utilización de diccionarios diversos.
- Estratexias básicas no proceso de composición escrita.
- Presentación de textos escritos en distintos soportes.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas.

**XANEIRO**

- Manifestacións da enerxía na natureza.
- A enerxía na vida cotiá.
- Distintos tipos de enerxía.
- Transformación da enerxía.
- Enerxía, calor e temperatura. Unidades.
- Fontes de enerxía renovables e non renovables.
- Usos orais informais e formais da lingua.
- Adecuación ao contexto comunicativo.

- Aplicación das normas lingüísticas na comunicación oral. Organización da frase: estruturas gramaticais básicas.
- Composicións orais.
- Uso de medios de apoio: audiovisuais e TIC.
- Tipos de textos. Características de textos propios da vida cotiá e profesional.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas.

**FEBREIRO**

- Manifestacións da enerxía na natureza.
- A enerxía na vida cotiá.
- Distintos tipos de enerxía.
- Transformación da enerxía.
- Enerxía, calor e temperatura. Unidades.
- Fontes de enerxía renovables e non renovables.
- Recursos básicos: guións, esquemas y resumes, entre outros.
- Textos orais
- Aplicación da escoita activa na comprensión de textos orais.
- Exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade.
- Presentacións orais sinxelas
- Uso de medios de apoio: audiovisuais e TIC.
- Tipos de textos. Características de textos propios da vida cotiá e profesional.
- Estratexias de lectura: elementos textuais.
- Presentación de textos escritos en distintos soportes.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas.

**MARZO**

- Niveis de organización da materia viva.
- Proceso de nutrición.
- Proceso de excreción.
- Proceso de relación.
- Proceso de r
- Aplicación da escoita activa na comprensión de textos orais.
- Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.

- intercambio comunicativo.
- Elementos extralingüísticos da comunicación oral.
- Adecuación ao contexto comunicativo.
- Uso de medios de apoio: audiovisuais e TIC.
- Estratexias básicas no proceso de composición escrita.
- Presentación de textos escritos en distintos soportes.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas.

**ABRIL**

- A saúde e a enfermidade.
- sistema inmunitario.
- Hixiene e prevención de enfermidades.
- Enfermidades infecciosas e non infecciosas.
- Enfermidades de trasmisión sexual. Prevención.
- A saúde mental: prevención de drogo-dependenzas e de trastornos alimentarios.
- Recursos básicos: guións, esquemas y resumes, entre outros.
- Aplicación da escoita activa na comprensión de textos orais.
- Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.
- Elementos extralingüísticos da comunicación oral.
- Adecuación ao contexto comunicativo.
- Aplicación das normas lingüísticas na comunicación oral. Organización da frase: estruturas gramaticais básicas.
- Exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade.
- Uso de medios de apoio: audiovisuais e TIC.
- Tipos de textos. Características de textos propios da vida cotiá e profesional.
- Estratexias básicas no proceso de composición escrita.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas.

**MAIO**

- Alimentos e nutrientes.
- Alimentación e saúde.
- Dietas e elaboración das mesmas.

- Recoñecemento de nutrientes presentes en certos alimentos, discriminación dos mesmos.
- Adecuación ao contexto comunicativo.
- Aplicación das normas lingüísticas na comunicación oral. Organización da frase: estruturas gramaticais básicas.
- Exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade.
- Uso de medios de apoio: audiovisuais e TIC.
- Tipos de textos. Características de textos propios da vida cotiá e profesional.
- Pautas para a utilización de dicionarios diversos.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas.

**XUÑO**

- Alimentos e nutrientes.
- Alimentación e saúde.
- Dietas e elaboración das mesmas.
- Recoñecemento de nutrientes presentes en certos alimentos, discriminación dos mesmos.
- Recursos básicos: guións, esquemas y resumes, entre outros.
- Aplicación da escoita activa na comprensión de textos orais.
- Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.
- intercambio comunicativo.
- Usos orais informais e formais da lingua.
- Adecuación ao contexto comunicativo.
- Exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade.
- Uso de medios de apoio: audiovisuais e TIC.
- Tipos de textos. Características de textos propios da vida cotiá e profesional.
- Estratexias de lectura: elementos textuais.
- Estratexias básicas no proceso de composición escrita.
- Presentación de textos escritos en distintos soportes.
- Aplicación das normas gramaticais e ortográficas

## 12. METODOLOXÍA

A metodoloxía será fundamentalmente activa, estimulando a participación de todo o alumnado na clase, e atendendo á diversidade de intereses, motivacións e coñecementos de estes. Para o cal, e de forma periódica, repasaranse contidos básicos na clase nos que o alumnado exporán os seus coñecementos, así como o grao de interes e motivación existente.

- Partir do nivel inicial do alumnado: Implica ter en conta tanto o seu nivel de competencia cognitiva (as características definitorias do seu estado evolutivo e as súas posibilidades de razoamento e aprendizaxe), como os seus coñecementos previos, punto de partida para a aprehensión e interpretación da nova información.
- Propiciar a adquisición de aprendizaxes significativos: Supón que a aprendizaxe estará dotada de sentido para o alumnado fronte á puramente repetitiva. Así mesmo, o labor docente irá dirixido a promover unha actitude favorable no alumnado co fin de que se involucre no seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe. Por iso, a motivación constitúe outra das pedras angulares sobre as que se substenta a aprendizaxe significativa. Faise tamén necesario asegurar a funcionalidade da aprendizaxe para que ésta poida ser xeralizada e transferida a situacións e contextos diversos do orixinario.

Esta acción didáctica culminará, en suma, na adquisición de estratexias cognitivas para aprender a aprender.

- Individualización, mediante estratexias que posibiliten unha mellor aprendizaxe dos contidos. A partir da avaliación inicial establecerase o nivel de competencia curricular do alumno e alumna para desta maneira adaptar as actividades ás necesidades de cada alumno e alumna.
- Globalización, na elaboración dos contidos das distintas áreas co fin de evitar parcelacións negativas, e partindo do medio real e das actividades do taller acordes coas súas necesidades e expectativas.
- Interdisciplinar, para que o alumnado consiga desenvolver as capacidades básicas a través do emprego de técnicas de traballo e se sirvan das súas experiencias e actividades da vida cotiá para aprender.
- Socialización e comunicación, co fin de impulsar as relacións entre iguais, a toma de decisións colectivas e o coñecemento das normas sociais.
- Principio de actividade, propondo actividades de experimentación, participación e observación directa do entorno.
- Promoverase a interacción da aula como motor de aprendizaxe.

- Tratarase de habituar ao alumnado a traballar individualmente e en grupo, segundo as necesidades.
- Proporcionaranse situacións de aprendizaxe que teñan sentido para o alumnado co fin de que resulten motivadoras.

## 13.ORGANIZACIÓN E RECURSOS

13.1. Organización

O desenvolvemento didáctico do módulo require de aula taller posibilitando o mobiliario, maquinaria, ferramentas, etc, que sexan necesarias.

13.2. Recursos

Aula taller:

- Ordenadores instalados en rede
- Pizarra dixital
- Internet
- Medios audiovisuais
- Software
- Útiles e ferramentas de encadernación
- Útiles e ferramentas de reprografía
- Útiles e ferramentas de vinilado
- Encadernadoras e insertadoras
- Teares de encadernación
- Perforadoras
- Laminadora
- Grampadoras
- Prastificadoras
- Cizallas
- Guillotinas
- Mesas de traballo
- Taburetes
- Equipos de impresión (HP e Ricoh)
- Equipos de escaneado (Ricoh)
- Prancha e equipo de tazas: impresión transfer

- Equipo completo: chapas, espellos e imáns

## 14.AVALIACIÓN

14.1. Principios reitores

O sistema de avaliación, entendido como elemento integrante do proceso de ensinanza-aprendizaxe se basea sobre os seguintes principios:

- Continua, detectando as dificultades que se produzan e podendo así establecer un feedback que nos permita adecuar permanentemente a programación didáctica.
- Formativa e orientadora, de forma que posibilite a continuidade do proceso de aprendizaxe e sirva de orientación tanto ao profesor como ao alumnado.
- Integrada.
- Individualizada, tendo en conta as características persoais, as posibilidades e limitacións do alumnado e os resultados acadados.

Polo tanto o proceso de avaliación desenvolverase ao longo de tres fases diferentes: Inicial, continua e final. En cada unha delas terase en conta as consideracións seguintes:

- Avaliación inicial: Ao comezo de cada programa establecerase o nivel de competencia curricular do alumnado en canto a actitudes, capacidades e coñecementos básicos, facéndose explícitas as adaptacións que requira cada alumno e alumna.
- Avaliación continua: Mediante un seguimento e avaliación de cada un dos alumnos e alumnas, deixando constancia da asistencia, a participación, e grao de consecución das capacidades reflectidas nos obxectivos, o grao de asimilación dos contidos, as cualificacións das distintas áreas e as accións educativas complementarias que o alumno ou alumna precise.
- Avaliación final: Efectuarase ao termo de todo o proceso formativo, e dará lugar a cualificacións en cada un dos módulos da área de Formación Específica.

14.2. Técnicas e instrumentos de avaliación

Os procedementos para realizar a avaliación do alumnado podémolos dividir en dous grupos:

1. Procedementos para avaliar os contidos conceptuais, mediante:
    - Revisión dos apuntes do alumno ou alumna.
    - Repaso de coñecementos, nos momentos que o profesor considere oportunos (final de clase, último día da semana, etc.).
    - Estas probas e/ou revisións realizaranse con carácter periódico e sempre ao rematar cada un dos contidos, de modo que a avaliación teña carácter continuo.

2. Procedementos para avaliar os contidos procedimentais, mediante:
    - Anotación no caderno do profesor das prácticas feitas por cada un dos alumnos ou alumnas así como do nivel de realización.
    - Realización de probas prácticas sinxelas e elementais *in situ*; segundo o caso poderán ser individuais ou en equipo. Resultan imprescindibles nun programa cómo este, o cal ten unha orientación práctica evidente.

14.3. Avaliación final

A nota final dos módulos obrigatorios do programa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada módulo expresada con dous decimais, agás o de formación en centros de traballo, que se cualificará como apto ou non apto e asignarase na sesión de avaliación final a desenvolver en xuño.

- Módulos de básicas: segundo o RD 127/2022 no artigo 31 os resultados da avaliación expresaranse nos termos «Insuficiente (IN)», para as calificacións negativas; «Suficiente (SU)», «Bien (BI)», «Notable (NT)», o «Sobresaínte (SB)» para as calificacións positivas.
- Módulos profesionais: segundo o RD 659/2023 no artigo 18.8 a calificación dos módulos profesionais e, no seu caso, do proxecto estará en función da consecución dos resultados da aprendizaxe e será numérica, entre un e dez, sen decimais. No seu caso, a calificación integrará a valoración do centro e da empresa, e será responsabilidade final do equipo docente e o centro de formación.

14.4. Acceso ao Formación en Centros de Traballo (FCT)

A terceira avaliación parcial determinará o acceso do alumnado á realización da formación en centros de traballo, que con carácter ordinario se desenvolverá durante o terceiro trimestre do curso académico e ao cal só poderá acceder o alumnado que teña superados os restantes módulos do curso.

14.5. Recuperación do alumnado

Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

Logo de realizada a terceira avaliación parcial, para o alumnado de segundo curso que non acceda á FCT por ter contidos pendentes, manterase o horario previsto no centro educativo

para os módulos, ata a sesión de avaliación final de módulos de primeiro curso. Durante este período, faranse actividades de recuperación dos módulos pendentes.

14.5.1. Avaliación final dos módulos do segundo curso.

A sesión de avaliación final de módulos levarase a cabo unha vez finalizado o período ordinario de realización do módulo de formación en centros de traballo, e nela o equipo docente:

1. Realizará a proposta de certificación de superación de módulos profesionais para o alumnado que obtivese cualificación positiva no módulo de formación en centros de traballo.
2. Proporalle a realización da FCT ao alumnado que recuperase os módulos pendentes logo da terceira avaliación parcial, tomando como base as actividades de recuperación. Este alumnado deberá formalizar unha nova matrícula no curso seguinte para cursar o módulo de formación en centros de traballo en período extraordinario.

14.5.2. Avaliación final extraordinaria dos módulos do segundo curso.

O alumnado que realizase a formación en centros de traballo nun período extraordinario avaliarase desta na avaliación final extraordinaria de módulos do segundo curso, da cal se redactará acta.

## 15. ACCIÓN TITORIAL

Destinarase unha hora semanal para a titoría do alumnado. Esta hora considérase imprescindible con este perfil de alumnos e alumnas de cara a súa futura inserción laboral, así como para intentar solucionar conflitos que poidan xurdir no día a día.

Algunhas actividades a tratar na titoría serán:

a) Mediación de conflitos na aula e no entorno.
b) Creación de canles de comunicación cos adultos.
c) Orientación persoal, reforzo da autoestima, etc.
d) Análise do desenvolvemento persoal no campo profesional.
e) Favorecer as relaciones alumno-alumno e alumno-profesor.
f) Facilitar a integración dos alumnos e alumnas no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
g) Orientar e asesorar aos alumnos e alumnas sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

h) Outras que xurdan segundo situacións e necesidades.

## 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Efectuaranse as encargas realizadas polos diferentes docentes durante todo o curso. Facendo os traballos de recepción e despacho como se fóramos unha empresa.

Faranse traballos de colaboración co CIFP Montecelo, así como visitas a empresas do sector das AAGG.

Con carácter mensual se é posible faremos actividades en conxunto dentro ou fóra do centro con carácter xeral non enfocado á reprografía para que poidan expandir coñecementos e aproximarse de xeito óptimo a realidade cotiá, coma visitar un quinteiro/obradoiro de pan, un museo musical, faremos un taller de elaboración de papel, un taller de impresión 3D e *maker* de robótica e facer unha visita a empresas relacionadas co plan formativo.

16.1. Actividades propostas específicas para o PFB de Reprografía

1º TRIMESTRE: 1 excursión + Feira Etiqueta Negra

- Gráficas Salnés + Etinor + Terraglass (Cambados)
- Feira Etiqueta Negra (Pontevedra) 08/10 novembro 2025

2º TRIMESTRE: 2 excursións e xornada FPinnova

- T-Pack Galicia (Marín)
- Rei Zentolo (Vigo)
- Xornadas FP Innova 2026 (Santiago de Compostela). Sen data establecida, soe ser en marzo

3º TRIMESTRE: 2 excursións

- Vigoarte encadernaciones (Vigo)
- Distribuciones Arnoia (Pontevedra)

16.2. Obxetivos das visitas propostas

• Coñecer os procesos de impresión. Que os estudantes comprendan as diferentes técnicas de impresión que se utilizan en camisetas, como na serigrafía, sublimación, impresión dixital ou transferencia térmica e que se utilizan en demais soportes como os de fibra (papeis), plásticos, téxtil e madeira/metal/ vidro, etc.

• Coñecer os procesos de encadernación. Que os estudantes comprendan as diferentes técnicas de impresión que se utilizan en encadernación, como a xaponesa, americana, cartoné, arame ou tapa dura/branda.

• Coñecer os procesos de packaging. Que os estudantes comprendan as diferentes técnicas de impresión que se utilizan na fabricación de packaging e os seus materiais, como cartonaxe, vidro, papel, plástico, téxtil, etc.

• Explorar o deseño gráfico aplicado ó téxtil/packaging/editorial. Que os estudantes entendan o proceso de deseño gráfico na creación de imaxes ou patróns para cada produto.

• Aprender sobre la tecnoloxía e maquinaria involucrada. Que os estudantes vean de preto o funcionamento da maquinaria y equipos de impresión, como prensas de serigrafía, impresoras de sublimación, etc.

• Entender la loxística e xestión da produción. Que os estudantes se fagan unha idea de cómo se xestionan os pedidos, dende a entrada da solicitude ata a produción e entrega.

• Descubrir oportunidades profesionais. Que os estudantes coñezan as diferentes oportunidades laborais dentro do sector, dende deseño gráfico e produción ata xestión empresarial.

• Conectar teoría coa práctica. Relacionar os coñecementos adquiridos na clase cun entorno real de produción.

16.3. Finalidade das mesmas

Ofrecer ós estudantes unha experiencia educativa práctica, permitíndolles coñecer de preto os procesos industriais, tecnolóxicos e creativos que interveñen na produción de artes gráficas. A través de estas visitas, os estudantes poden aprender sobre as diversas etapas de impresión, a tecnoloxía utilizada, o impacto ambiental e o funcionamento dunha empresa no mundo real.

**17. PROXECTOS**

Os proxectos previstos para o curso 2025/2026 son:

- Libro escrito, ilustrado e encadernado polos alumnos de Reprografía
- Díptico informativo mensual *da Biblioteca* proxecto incluido no Plan Lector dende o curso 2024/25
- Proposta e desenvolvemento dun *photocall* para os cumpreanos.
- Proposta e desenvolvemento de orlas para as promocións pasadas e vindeiras dos Programas Formativos.
- Rotulación das portas das aulas da ESO do centro.
- Rotulación da parede de conserxería (chaveiro).
- Continuar a Identidade Corporativa do Centro
- Proxecto de elaboración de papel co PFB de Xardinaría e Servizos de Restauración.
- Continuar coa elaboración da señalética do centro.

- Colaboración cos diferentes PF en proxectos futuros.
- Deseño e proxecto da nova revista anual do centro, coa información de todo o curso.

## 18. CONCLUSIÓNS

A Programación Didáctica supón, basicamente, a implementación dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe: qué, cómo e cándo ensinar, e qué, cómo e cándo avaliar.

A consecución duns obxectivos require a selección duns contidos concretos, a determinación dunha metodoloxía e duns recursos didácticos, así como a adopción duns criterios e procedementos para a avaliación.

É por tanto, un instrumento flexible (aberto a revisións e cambios) que debe adaptarse ás necesidades específicas de todos os elementos integradores que forman parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## 19. BIBLIOGRAFÍA


- IC-Editorial. *Recepción y despacho de trabajos en reprografía MF1322_1*
- IC-Editorial. *Reproducción en equipos de reprografía MF1323_1*
- IC-Editorial. *Elaboración del presupuesto*
- Agapea. *Materias y Productos para Encuadernación*
- KajJohansson. *Manual de produción gráfica*
- ErikaEkrem. *Encuadernación artesanal.*
- HarrisAmborse. *Materias y Productos para Encuadernación.*
- Tipografía*: Googlefonts*
- Adobe Cloud (paquete de Adobe completo): *http://www.adobe.com*


Pontevedra, a 23 de outubro de 2025

Catalina H.B. Sara P.A.